

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 20/10/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20/10/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13 de outubro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3864

Dáse conta do escrito presentado por Don Daniel CHANTADA SABORIDO, con relación a deficiencias na sinalización que existe na confluencia de Rúa do Souto con Rúa do Corvo, e solicitando o repintado e instalación de lombos redutores de velocidade.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o repintado xa está realizado.

En relación cos lombos redutores de seguridade, acórdase remitir á Xerencia de Urbanismo aos efectos do estudo sobre a inclusión desa zona no plan de instalación de lombos redutores de velocidade.

Dar conta ao Enxeñeiro Municipal D. Oscar Álvarez.

PRP2025/3945

Dáse conta de solicitudes con número de rexistro 20250013656 e 20250013657 (RE-648/25) e (RE 647/25), de data 18/09/2025, presentadas por José Antonio RODRÍGUEZ MÉNDEZ, con relación a problemas que padecen os usuarios do vao sito en Rúa Santa Eulalia número 4, á hora de incorporarse á circulación desde este garaxe.

Dáse conta de informes da Policía Local nos que se reflicte a problemática con este vao. Polo que tendo en conta o informado, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado das marcas viarias do citado vao e no posible amplíalas debido á estreiteza da rúa e desta forma facilitar a incorporación dos vehículos procedentes do citado vao, así como á creación dunha reserva de motocicletas na praza de estacionamento anterior ao vao segundo o sentido de circulación da rúa, para así poder mellorar a visibilidade.

Así mesmo, comunicase que poden colocar na saída do seu vao un espello panorámico que mellore a visibilidade, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/3957

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con deficiencias de sinalización do vao sito en

Fariña Ferreño 23, no que se indica que a requirimento da titular do vao nº 27 realizouse visita de inspección para o pintado das marcas viarias que se achaban borradas.

No citado informe indícase que no lugar estacionan vehículos ocupando parte do vao debido a que as prazas de estacionamento en liña áchanse delimitadas quedando un espazo de 2,40 metros desde a última praza ata o inicio do vao o que supón que queda un espazo totalmente insuficiente para o estacionamento dun vehículo, que aínda así os usuarios tentan aproveitar causando un problema ao titular do vao, polo que sería conveniente a utilización deste espazo como unha reserva para motocicletas, procedendo á súa sinalización horizontal e vertical para evitar este problema no lugar indicado.

Así mesmo faise constar que esta rúa carece deste tipo de reserva para motocicletas.

Tamén se detecta na mesma rúa que se procedeu ao pintado de carril bici que cruza a calzada comunicando o carril bici que discorre paralelo á beirarrúa nesta rúa coa zona peonil de Rodrigo de Mendoza, quedando sen pintar o espazo elevado que comunica ambas as plataformas, o que aproveitan os vehículos para estacionar sobre a mesma e na mesma liña do estacionamento, provocando que esta zona elevada que comunica ambos os espazos, áchese sempre ocupado e non poida ser utilizado polos ciclistas, polo que sería de necesidade o pintado de toda a zona elevada.

Tamén se comproba que segue sinalizada a reserva sita fronte ao número 20 para ambulancias que había concedida para a Mutua Asepeyo, cando esta xa se trasladou á rúa Rodrigo de Mendoza, 26, desenvolvendo alí a súa actividade na actualidade, polo que sería conveniente a súa eliminación.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización da praza de estacionamento para motocicletas, así como ao pintado da ciclo vía.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro)

PRP2025/3979

Dáse conta de escrito con número de rexistro 2025014403 (RE-699/25), de data 01/10/2025, presentado por Nayibe FUENMAYOR OTERO, con relación a que os vehículos que circulan pola rúa Fontecarmoa, concretamente á altura da súa residencia número 88, os cales o fan a unha velocidade superior á fixada para esta vía.

Realizada comprobación pola Policía Local obsérvase que sería conveniente a creación dalgún lombro redutor de velocidade nas proximidades desta vivenda, a cal se atopa moi próxima á entrada que ten o CIFP FONTECARMOA nesta rúa, co cal se lograría o acougado de velocidade neste punto próximo a un centro educativo.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación de lombro redutor de velocidade de conformidade coas indicacións da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3981

Dáse conta de escrito con número de rexistro WEB2025008311 (RE-717/25), de data 03/10/2025, presentado por Paula LAGES GAMARRA, mediante o que comunica os problemas que sofre ao saír do seu vao polos vehículos que estacionan próximos á saída do mesmo.

Realizada inspección pola Policía Local no lugar, pódese comprobar que efectivamente a zona onde está situada a vivenda, a maioría das rúas son moi estreitas onde en ocasións tan so pódese circular nun sentido xa que dous vehículos xa non se poderían cruzar, concretamente no fronte á súa vivenda a rúa é algo máis ancha por iso aprovéitase para estacionar, provocando o problema exposto na solicitude. Púidose observar que a placa de vao existente é antiga polo que se informa verbalmente á solicitante de que debe solicitar a nova placa de vao e que o mesmo carece de marcas viarias, xa que nunca foi pintado, polo que sería conveniente o pintado destas marcas que se poderían ampliar cara á marxe onde ao estacionar os vehículos dificultan a saída do vao.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Sra. Lages Gamarra que deberá proceder á sinalización do vao, pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a correcta sinalización do mesmo.

Dar conta á Policía Local.

PRP2025/3983

Dáse conta de escrito con número de rexistro 2025014314 (RE-718/25), de data 30/09/2025, presentada por Gonzalo SOUTO REY, no que comunica o malestar e molestias que ocasionan vehículos estacionados sobre a beirarrúa nas proximidades da súa vivenda, na Rúa 3 A Rosaleda nº 14.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que realizada inspección no lugar no se detecta ningún vehículo sobre a mesma nese momento, e podendo observar que o ancho da vía neste lugar, así como a anchura da beirarrúa que é moi estreita non aconsellan a colocación de bolardos, xa que desta maneira sería practicamente intransitable, polo que se recolle o problema comunicado e incrementarase a vixilancia da zona, procedendo á denuncia dos vehículos que se achen estacionados sobre a beirarrúa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado e que pola Policía Local se realice vixilancia na zona.

PRP2025/3985

Dáse conta de escrito con número de rexistro WEB2025008116 (RE-719/25), de data 30/09/2025, presentado por GESENCO GESTIÓN EN COMUNIDADES S.L, con relación a problemas que padecen os usuarios da comunidade de garaxes Praia Compostela, no momento de incorporarse á circulación procedente do seu garaxe.

Realizada visita de inspección pola Policía Local no lugar, pódese comprobar que as marcas viarias deste vao están practicamente borradas, as cales deben manterse en bo estado, sendo responsabilidade da comunidade o mantemento destas marcas en bo estado,

despois da concesión do vao e de ser delimitado por operarios municipais despois da concesión. Con relación ao problema da visibilidade á hora de incorporarse, e en relación aos vehículos estacionados na marxe esquerda, poderíase mellorar a visibilidade coa colocación dun espello panorámico, que permita a visión dos vehículos que circulen procedentes de zona centro. Con respecto aos procedentes de Carril, consideran que a localización actual dos contedores non afecta en ningún caso á visibilidade dos vehículos que se aproximen desde esta marxe.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á colocación de espello para mellorar a visibilidade, de conformidade co informe da Policía Local.

Así mesmo acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/4024

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Bouzas Fernández, denunciando un acto vandálico na fachada, en Avda. Matosinhos nº 14, e solicitando que polo concello se fagan os traballos de repintado da sinalización horizontal no vao permanente existente no lugar.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

En relación coa reparación dos danos por actos vandálicos comunícaselle que deberá proceder á reparación pola súa conta, tal e como lle informou a Policía Local na inspección realizada.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

PRP2025/4080

Visto o escrito de D. Cristian Lafuente Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas e churros, os días 29, 30 e 31 de outubro e 1 de novembro de 2025, no

exterior do Cemiterio de Santa Plácida, en Rubiáns.

Vistos os informes da Policía Local e Servizo de Mercados, acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

PRP2025/4090

Dáse conta de solicitude con número de rexistro 2025014731 (RE-737/25), de data 07/10/2025, presentada por Comisaría da Policía Nacional de Vilagarcía de Arousa (DGP), pola que se solicita a remodelación da reserva e beirarrúa que existe na actualidade fronte á Comisaría, podendo desta forma incrementar o número de prazas para estacionar os vehículos autorizados por Policía.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a remodelación de reserva de estacionamento solicitada, de conformidade coa documentación achegada pola Comisaría de Vilagarcía de Arousa, que será executada con medios materiais e humanos do Concello.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2025/4091

Dáse conta de escrito con número de rexistro WEB2025008438 (RE-736/25), de data 07/10/2025, presentado por EOI DE VILAGARCÍA, con relación ao incremento de prazas de estacionamento reservadas para persoas con discapacidade e o seu posible cambio de localización.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada comprobación na zona, obsérvase que sería necesario proceder ao rebaixe do bordo da beirarrúa nas proximidades do portal de acceso ao centro educativo e incrementar ata dúas as prazas destinadas para ese efecto. De levarse a cabo esta reforma habería que retirar a sinalización da praza existente na actualidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización de dúas prazas de estacionamento para persoas con discapacidade de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/4097

Dáse conta de escrito con número de rexistro WEB2025008487(RE-735/25), de data 08/10/2025, presentado por Marta SAMPEDRO GUILLAN, con relación a problemas que padecen os peóns que procedentes da urbanización O Rial, para poder cruzar a PO 549, e desta forma poder acceder á senda peonil, que na actualidade é mol utilizada por vecinos.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica:

Que inspeccionado o lugar pódese comprobar que non existe ningún paso peonil próximo ao momento que se cita no escrito, polo que sería moi conveniente a súa creación, aínda que a titularidade desta vía é da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), polo que para realizar este trámite débese presentar esta solicitude ante este organismo, para a súa valoración ben polo solicitante ó por interese xeral por parte do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a instalación dun paso de peóns na zona.

PRP2025/4098

Dáse conta de escrito con número de rexistro WEB2025008467 (RE-734/25), de data 08/10/2025, presentado por Juan José COSTA LARRAURI, no que indica que desde fai varios meses o paso peonil atopase interrompido, debido aos desprendementos da cornixa da casa lindeira nº 18, e solicita que se adopten as medidas oportunas para restablecer as condicións de uso da beirarrúa e uso peonil fronte aos números 18 e 20 da Avenida das Carolinas, xa que na actualidade atópase valada, quedando un paso estreito pola calzada e sen rebaixes para acceso á beirarrúa, o que lle supón un prexuízo ao seu negocio, quedando tamén anulada a reserva de estacionamento para persoas con discapacidade.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que está en tramitación un expediente de disciplina urbanística polos desprendementos do inmovible nº 18, non podendo proceder á retirada do valado para poder garantir a seguridade da vía pública.

PRP2025/4099

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) traslada a este concello a delimitación para o proxecto de interese autonómico (PIA) da "Avenida das Carolinas - Rúas Roca e Arealonga", destinado a crear solo residencial para 350 vivendas, sometidas a algún réxime de protección pública aos efectos de que se emita informe de conformidade consonte o disposto na Lei 5/2024 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O ámbito seleccionado está conformado por parcelas de solo rústico situadas ao oeste do centro urbano de Vilagarcía de Arousa no contorno do río do Con no tramo comprendido entre o núcleo de A Laxe e a estrada N-640. O polígono Está limitado entre a Avenida Carolinas, rúa Coca e rúa Arealonga.

Analizada a proposta detéctase na delimitación a existencia de algunhas edificacións que teñen uso de vivenda, consonte datos catastrais.

Por outra parte o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal preservou varios accesos dende as vías consolidadas, en previsión dun futuro desenvolvemento urbanístico na zona, polo que sería coherente aproveitar os viais existentes para completar a trama urbana. A continuación indícanse gráficamente os viais que sería preciso incorporar ao tecido viario do ámbito a desenvolver. Os que se marcan tachados en vermello pódense obviar por non estaren executados nín ser doada a súa obtención a curto prazo.

O perímetro da delimitación deberíase axustar a os accidentes orográficos existentes ou aos límites de propiedade e, se for preciso partir algunha parcela, ter a precaución de deixar un remanente útil para un posible aproveitamento futuro.

E conclusión coas consideracións expostas, e tendo en conta o informe do Arquitecto Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a delimitación presentada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para o proxecto de interese autonómico (PIA) citado, procurando dar solución a os aspectos seguintes:

- Que a futura ordenación teña en conta as vivendas existentes evitando a súa expropiación.
- Que se aproveiten as vías de acceso existentes, e previstas no planeamento municipal, para completar o tecido urbano do novo ámbito de intervención urbanística.
- Que se axuste o perímetro do polígono a límites claros evitando deixar como remanentes parcelas inservibles.

PRP2025/4100

Dáse conta do escrito presentado por Dona Tania Ares Otero, solicitando que o Concello estude a a colaboración municipal en relación á instalación de fibra óptica na zona de Pereiro - Solobeira.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado

de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/4065

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Sanitas SA de Seguros pola factura correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de outubro de 2025 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 574,44 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/4089

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga da 2º liquidación de 2025 (correspondente á primeira metade do curso escolar 2024/2025) en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes importes, con cargo á partida 323.22611:

A) Escola Infantil de Vilagarcía- Carril (73 prazas): 32.850,00 €

Proxecto plan concertado 2025/3/CCRTE/1/3 escolas infantís

B) Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán (75 prazas): 33.750,00 €

Proxecto plan concertado 2025/3/CCRTE/1/4 escolas infantís.

EMPREGO

PRP2025/3881

Dáse conta do escrito presentado por ARACELI REY FONTENLA, NIF, 35488826X, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, informando das seguintes actividades a realizar na praza de abastos durante a tempada de outono organizadas, pola FEDERACION DE PRAZAS DE ABASTOS DE GALICIA_FEPRAGAL:

- Outono na Praza. Decoración das salas de venda, con elementos de outono, propios, xerando así, un ambiente de compras aos clientes

- Cociña de Culler. Demostración de vivo, o día 30/10/2025, con un cociñeiro, preparando, pratos típicos, tradicionais, pero quentes de inverno, con produtos de praza, procedendo posteriormente a degustación deles aos clientes habituais da praza

- Samaín. Campaña de outono, para crear ambiente, propio de esas fechas, cos correspondentes sorteos , entre clientes da praza

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a realización das actividades propostas.

PRP2025/3884

Dáse conta de publicación no DOG nº 189, do 1 de outubro de 2025, da Orde de 18 de setembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2026, na que se indica que calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, e terá que se presentar acompañada dos informes emitidos pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas.

Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público durante o ano 2026 son:

4 de xaneiro
11 de xaneiro
2 de abril
26 de xullo
15 de agosto
29 de novembro
6 de decembro
13 de decembro
20 de decembro
27 de decembro
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4066

O abeiro da Orde de 27 de xaneiro de 2025 (DOG 30 de 13/02/2025), acórdase conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 11.397 € para a realización da actuación denominada SALVAMENTO E SOCORRISMO 2025. Esta axuda representa o 15,28 % sobre o orzamento elixible do proxecto.

O abeiro desta poderán financiarse os gastos que incurra ou tivese incorrido o concello para a contratación de socorristas nos meses de xullo, agosto e setembro de 2025.

Para percibir o importe da subvención deberá presentarse acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local dos gastos totais soportados polo concello imputables ao proxecto subencionado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a actuación denominada SALVAMENTO E SOCORRISMO 2024, facendo constar:

- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Os gastos totais e a relación nominal de persoas traballadoras ás que corresponden os gastos incorporados, soportados este concello imputables á actuación subvencionada, que ascenden a un total de 70.295,47 €
- Que a intervención municipal tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado
- Que na selección e contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección de persoal ao servizo das administracións públicas, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e consta no expediente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

PRP2025/4113

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por BORJA COSTAS DICHA, NIF: 53187303X, e domicilio en Avenida CAMBADOS Nº: 2 Lt: Esc: 3 Pt: B - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 - España (info@jrey.es), infórmase pola Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento de obriga e aboamento a D. BORJA COSTAS DICHA, NIF: 53187303X, da cantidade de Mil Cincocentos Nove Euros Con Noventa Céntimos (1.509,90 €) con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/4071

A XGL do día 15/09/2025 quedou sabedora do informe correspondente á auditoría realizada por Augas de Galicia sobre o funcionamento da EDAR no período xaneiro a abril de 2025 así como o do emitido por Espina y Delfín en relación con aquel informe e tomou o acordo de “solicitar a Espina y Delfín SL informe técnico sobre o estado dos pilares da pasarela”.

O día 07/10/2025 Espina y Delfín SL presentou neste concello por rexistro de entrada escrito no que se comunicaba a existencia dun estudio técnico-estrutural asinado o día 31/08/2020 por un enxeñeiro de camiños, canais e portos no que se avaliaron os distintos elementos da infraestrutura da EDAR. O informe recollía unha serie de conclusións e sinalaba as anomalías que, se ben non comprometían de forma inmediata o funcionamento da instalación, si poñían de manifesto certas deficiencias que sería recomendable corrixir a medio/longo prazo.

O proceso de licitación aberto na data de 26/09/2025 para a adxudicación e posterior execución da renovación da nova EDAR de Vilagarcía de Arousa, prevé actuacións estruturais e funcionais que abranguen, en gran parte, as incidencias xa detectadas no informe previo.

Visto todo isto e, co fin de evitar a duplicidade de actuacións ou investimentos, debe estudarse a conveniencia de realizar traballos de reparación estrutural específicos sobre a EDAR actual ou ben esperar á execución da nova estrutura proxectado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/4110

Dáse conta de solicitude presentada pola monitora do programa Taller de estimulación cognitiva e psicomotricidade 2025 para a celebración dun magosto na Praza da Peixeiría, a realizar polos participantes do programa.

Vista a proposta da Concellería da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local, acorda autorizar a realización de dito magosto para o próximo día 6 de novembro en horario de 17:00 a 20:00 horas.

Así mesmo, acórdase a colaboración dos seguintes Departamentos/Servizos municipais:

- Departamento de Obras para que transporten un asador e para que se encarguen da colocación de 6 mesas e 60 cadeiras.
- Departamento de Cultura para a reserva da instalación municipal.
- Servizo de Emerxencias para a prevención de riscos.

CULTURA

PRP2025/4094

Vista a solicitude de D. Alfredo Lima Hernández, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 26 de novembro de 2025, con motivo da campaña escolar educativa para os colexios de Vilagarcía de Arousa, na que se representa a obra "UNA HISTORIA EN ALTAMAR", en horario de 9:30 a 11:30 horas (dúas sesións), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Este espectáculo ten un prezo único de entrada de 4 €, sendo a recadación obtida para o solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20 €
- Operarios (2): 122,40 €
- TOTAL: 448,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2025/4095

Vista a solicitude de Dona Ana M^a Cores Meixús, como Presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumidoras "O Noso Lar", e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 19 de decembro de 2025, para a celebración dunha Gala de Nadal, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

. O prezo das entradas será de 6 € e a recadación da súa venda para a entidade organizadora

CONTRATACIÓN

PRP2025/4019

Dáse conta da resolución presidencial de data 7 de outubro de 2025, pola que se aproba o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indícase o importe máximo de subvención ao que pode optar o seu concello para realizar actuacións ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra, correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por un importe total de 312.440,44 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4088

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 31 de marzo de 2025, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Humanización da rúa Bouza de Abaixo - Vilaxoán», cun orzamento de execución por contrata de 775.759,57€

Tramítase a instancia da Concellería de Servizos e Obras Públicas, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto «Humanización da rúa Bouza de Abaixo - Vilaxoán», ditándose Providencia de Incoación, con data 9 de outubro de 2025.

O Servizo Provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas ditou resolución autorizando as obras, con data 1 de setembro de 2025 (CVE: RQXweHXB169) e Portos de Galicia, o 22 de setembro de 2025 (CVE: Xq76XGULuAy8).

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes, prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico.

Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de « Humanización da rúa Bouza de Abaixo - Vilaxoán».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 775.759,57€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 775.759,57€, con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900.

Cuarto.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2025/4101

Visto o expediente de gasto INT/2025/577 integrado pola relación de xustificantes F/2025/215 por importe de 13.245,74€.

